



o presente documento estara
exposto no Taboaire de
Anuncios desta Deputación
desde o día 2-12-2020
ata a día 17-12-2020
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

DECRETO

Tras ver a proposta do deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020, apróbase a convocatoria e bases específicas que rexerán o proceso selectivo para a creación dunha listaxe de emprego temporal de VETERINARIO/A, grupo A – subgrupo A1, da Deputación Provincial de Lugo, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións temporais por calquera das causas previstas no art. 10.1 da Lei do Estatuto básico do empregado público ou, no seu caso, no art. 15 da Lei do Estatuto dos traballadores. Esta convocatoria publicouse no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) núm. 079, do 06.04.2020.

As bases xerais que rexen esta convocatoria foron aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020 e publicadas no BOP núm. 079, do 06.04.2020.

A vista do resultado do proceso selectivo, o Tribunal formulou proposta ante a presidencia para que aprobe a orde da listaxe para prestar servizos temporais como Veterinario/a na Deputación Provincial de Lugo, por orde de puntuación, ao obxecto de ampliar a vixente listaxe segundo os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais a Deputación Provincial de Lugo.

A proposta do Tribunal publicouse xunto coas cualificacións finais e a orde da listaxe na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 17 de novembro de 2020.

Á vista do sinalado propónse á Presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección do persoal funcionario da Administración Local, e co establecido no punto 10 e 11 das bases xerais que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, RESOLVA:

1º.- Dar por rematado o procedemento selectivo para a creación dunha listaxe de emprego temporal de VETERINARIO/A, aprobando a inclusión das persoas aspirantes propostas polo Tribunal que a continuación se sinalan:

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN FINAL
1	VERDES GIL, SONÍA	45,529
2	PIÑEIRO VILLARES, XOSÉ DANIEL	43,700
3	DOVAL ARZA, MANUEL	33,578
4	FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, ALICIA ANA	25,150

2º.- Ordenar que a incorporación de efectivos sexa realizada seguindo os criterios establecidos nas resolucións da presidencia do 29 de setembro de 2009 (BOP núm. 231, do 8.10.2009), 16 de decembro de 2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14 de febreiro de 2019 (BOP núm. 39, do 15.02.2019), nas que se establecen os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal temporal na Deputación de Lugo, así como o sinalado na base xeral 12.

	IV7GZTKOLQGLJ74CAANHK5IAOU	Fecha y Hora	01/12/2020 21:22:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GZTKOLQGLJ74CAANHK5IAOU	Página	1/2



O presente Incidimento estará
espostu na laborator de
Antincias desta Deputación
desde o día 2-12-2020
ata o día 17-12-2020
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

P.O.

3º.- Confirmar que esta listaxe terá vixencia dende a data de publicación da proposta do Tribunal na web corporativa da Deputación de Lugo (17 de novembro de 2020)".

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

O PRESIDENTE,
P.D. Decreto de data 26-07-2019
O DEPUTADO PROVINCIAL,

A SECRETARIA,

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV7GZTKOLQGLJ74CAANHK5IAOU	Fecha y Hora	01/12/2020 21:22:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019, Pablo Rivera Capón))		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GZTKOLQGLJ74CAANHK5IAOU	Página	2/2

